



Programación cultural *Oleiros* primavera 2013



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Sábado 2 de marzo ás 20:30 horas



Compañía:
Sal-Monela Teatro

Espectáculo:
“Contigo aprendí”

**Auditorio do centro
cultural A Fábrica**

Sinopse: A compañía retoma o desenfado para dar a vida ás mentiras e enganos que Carlos tece ao seu redor, para así crear un mundo a súa medida no que vive cómodo e seguro. Todo isto rómpese no momento en que Marta, Clara e Vanesa, as súas mulleres xuntan forzas e toman as rendas da súa vida...

Autor: Rafael Mendizábal

Dirección: Modesto Gómez

Elenco: Cristina Freire, M^a José Insua, Raquel Silveira e Modesto Gómez

Xénero: comedia

Duración: 100 minutos


Entrada libre ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos



Con motivo do Día da Muller a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística organizou as seguintes actividades:

Exposición Mulleres

Do 8 ao 25 de marzo a Fábrica acollerá a exposición Mulleres, unha exposición elaborada polo IES María Casares coa colaboración do Concello de Oleiros no ano 2000. Esta exposición estuda detidamente a figura da muller nas diferentes artes ao longo da historia. Nela podemos ver figuras da literatura galega como Rosalía de Castro ou da arte internacional como Frida Kahlo.



A condesa rebelde: Emilia Pardo Bazán

**O 7 de marzo
ás 20:00 horas,
na Fábrica emitirase
a película**

A Condesa Rebelde

Sinopse: A vida de Emilia Pardo Bazán estivo chea de escándalos e polémicas. Amante dun grande da literatura, Benito Pérez Galdós, gozou da amizade de Víctor Hugo, de Unamuno e de Clarín, entre outros coñecidos escritores. Pioneira en case todas as facetas da súa vida, xa que foi a primeira muller en España que desenvolveu unha cátedra universitaria, a primeira xornalista profesional da península, unha das principais ideólogas do feminismo decimonónico e a gran narradora do século XIX, é a autora de recoñecidas novelas, libros de viaxes, biografías e preto de mil ensaios, artigos e crónicas en prensa española e internacional.

Dirección: Zaza Ceballos

Reparto: Susana Dans, Manolo Solo, César Cambeiro, Antón Durán 'Morris', Mabel Rivera, Manuel Lourenzo, Casilda Alfaro, Albert Forner, Balbino Lacosta e Manuel Millán

Produtora: Zénit Televisión, S.A. e Televisión de Galicia

Duración: 96 minutos **Ano:** 2011





Venres 8 marzo ás 21:00 horas
Auditorio do centro cultural A Fábrica

Grupo/espectáculo: “**Sisters in the house**” versiona temas de rock, jazz, soul, fusión.

SISTERS IN THE HOUSE é un coro feminino dirixido por Carmen Rey e Ángeles Dorrio, dúas artistas ben coñecidas no panorama galego e conta nas súas filas con moitas intérpretes solistas en diversas formacións que se unen nesta ocasión para cantar temas de artistas como: Marvin Gaye, Stevie Wonder, Beatles, Michael Jackson, Beyoncé, Rolling Stones... Un concerto cheo de soul, funk e rock cunhas voces fantásticas.

Repertorio: "AIN'T NO MOUNTAIN HIGH" ou "WHAT'S GOING ON" de Marvin Gaye, "CRAZY IN LOVE" de Beyoncé, "PASTIME PARADISE" ou "AS" de Stevie Wonder. Recorda tamén a Michael Jackson con "THRILLER", a Aretha Franklin con "RESPECT", e incluso os lendarios Beatles con "DRIVE MY CAR", sen esquecer o "SATISFACTION" dos Rolling Stones.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala. Todos os públicos

**Concepción
Arenal,
a visitadora
de cárceres**



**O 9 de marzo de 2013, ás 20:30 horas, na Fábrica
emitirase a película Concepción Arenal, a visitadora
de cárceres**

Sinopse: No século XIX as execucións eran un espectáculo público e os presidiarios carecían de dereitos. De acordo con este filme, cando Concepción Arenal foi nomeada visitadora de cárceres, loitou a prol dos dereitos humanos ata lograr cambiar a perspectiva da sociedade sobre os máis desfavorecidos e mellorar as súas condicións de vida.

Directora: Laura Mañá

Reparto: José Barato, Luisa Merelas, Isabel Naveira, Blanca Portillo, Mabel Rivera

Produtora: Distinto Films e Zénit Televisión, S.A.

Participación: Televisión de Galicia, Televisió de Catalunya e Televisión Española

Duración: 90 minutos **Ano:** 2012


Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

Sábado 16 marzo ás 20:30 horas

Compañía:
Teatro dos
Ghazafellos

Espectáculo:
“Bon appetit”

**Auditorio Gabriel
García Márquez**



Sinopse: Tres chefs van amosar os segredos da cociña galega seguindo o prestixioso libro de receitas de Álvaro Cunqueiro. A cociña tradicional galega convértese no ingrediente perfecto para escachar de risa, o sinxelo pode ser moi difícil e o divertido pode ser moi perigoso...

Autor: Pepablo Patinho

Dirección: Pepablo Patinho

Elenco: Montse Piñón, Pepablo Patinho e Jorge Casas

Xénero: comedia

Duración: 60 minutos

Prezo: 2,50 €. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Público familiar, maiores de 3 anos.

Sábado 23 marzo ás 20:30 horas



Compañía:
Produccións
Teatrais Talía

Espectáculo:
“Gaivotas
subterráneas”

Auditorio Gabriel
García Márquez

Sinopse: Nino Carpio traballa nunha empresa de seguros; busca a Mario, músico e amigo da infancia, ao que convence para que lle axude a conseguir unha importante suma de diñeiro do seu seguro de vida. Nino atopou un home coas súas características físicas, ao que, unha vez morto, desenterran e visten con roupas e obxectos do propio Nino. Provocan un accidente no seu coche, co morto dentro, para facer crer que o morto é Nino Carpio.

Autor: Alfonso Vallejo

Dirección: Artur Trillo

Elenco: Xabier Deive e Luis Iglesia B.

Xénero: drama

Prezo: 3,50 €. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Sábado 6 abril ás 20:30 horas



Espectáculo: aCadaCanto

Auditorio Gabriel García Márquez

aCadaCanto é a nova aposta destas catro xa figuras da nosa música que coinciden nese cadrado con catro puntas en que se tece un traballo compacto e cunha liña estética definida.

Confesan que aCadaCanto naceu nunha conversa nun descanso do concerto de Fuxan os Ventos en Ourense, en que os catro participaban. Ao cadrar uns con outros, decidiron cadrar de vez os catro xuntos e naceu así este cuarteto con que evocan as grandes formacións musicais, dos Beatles a Os Gaiteros de Soutelo.

Elenco: Guillermo Fernández, Guadi Galego, Xabier Díaz e Xosé Lois Romero

Xénero: música de autor

Duración: 70 minutos

Prezo: 2,50 €. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Todos os públicos.

TEATRO DAS LETRAS

Con motivo do mes das Letras, o Concello repón a obra de Roberto Vidal Bolaño gañadora do Premio Eixo Atlántico en 1999, o Premio María Casares da Asociación de Actores e Actrices de Galicia de 2000 e o Premio MAX da Sociedade General de Autores en 2001. Teatro do aquí reproducirá o espectáculo tal e como Roberto o dirixiu no seu momento.

**Sábado 27 de abril, ás
20:30 horas, no auditorio
Gabriel García Márquez**

**Teatro do Aquí representa
Criaturas de Roberto Vidal
Bolaño**

Sinopse: *Criaturas* trata de indagar e poñer ao descuberto, o que a razón ou a civilización podían ter producido de monstruoso en nós, ou nos que nos rodean. Nesas personaxes anónimas, cotiás, coas que nos cruzamos cada día no paso de peóns, á volta da esquina, ou na cola do súper ou do cine e coas que nos relacionamos con toda naturalidade.

Reperto: Belén Constenla Vicente de Souza, Rubén Ruibal e Xoán C. Mejuto

Axudante de dirección: Carlos Losada

Xénero: comedia **Duración:** 90 minutos



Sábado 4 maio ás 20:30 horas

Espectáculo:

**Un mundo de
música e letras**

**Auditorio do centro
cultural A Fábrica**



No concerto interpretarán obras de Schumann, Enrico Mainardi, Manuel de Falla, Béla Bartok, Xoan Montes, Celso Machado, Eduard Toldrá.

Elenco: Lito Iglesias (violonchelo), Cristina Morales (piano)

Xénero: música clásica

Entrada libre ata completar a capacidade da sala. Todos os públicos.

- Prégase puntualidade, por respecto aos artistas e ao resto do público.
 - Non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
 - Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
 - Os móbiles permanecerán apagados durante a duración do espectáculo.
 - Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
 - Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.
- Moitas grazas.



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

